

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 07/06/2019 13:18:07

SAIDA 7295/19

[REDACTED]

Reclamante: [REDACTED]

Expediente. Nº RSCTG 049/2019

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por [REDACTED], mediante escrito do 4 de marzo de 2019, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 01/04/2019, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación, por silencio administrativo, da información solicitada ante a Consellería de Sanidade, referente á obtención dos datos estatísticos dos resultados do dun determinado facultativo de todo o seu período traballando no SERGAS, no tratamento quirúrxico da fractura de cóndilo mandibular.

O reclamante indicaba que se lle denegou todo acceso á información requirida.

O escrito viña acompañado de copia a da súa solicitude e do seu DNI.

Segundo. Con data 6 de marzo de 2019 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Sanidade para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 10 de abril de 2019

Terceiro. Con data 14 de maio de 2019 a Consellería de Sanidade contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que o reclamante ven presentando desde hai tempo multitude de escritos relacionados cunha intervención cirúrxica que lle foi practicada no Hospital da Coruña, que van dirixidos a todas as unidades do SERGAS. No volume de reclamacións, solicitudes e queixas, por un erro no envío do escrito electrónico, este trasapelouse sen que fose atopado ata a data.

A solicitude, de atoparse, teríase que inadmitir por canto o Hospital da Coruña, como os demais do Servizo Galego de Saúde, carece de datos estatísticos dos resultados dos actos médicos en xeral e dos resultados de cada un dos facultativos en relación a un determinado acto cirúrxico, en particular. O Hospital da Coruña ten publicados na súa páxina web os resultados xenéricos das actividades dos servizos clínicos, pero en ningún caso os resultados da actividade de cada un dos membros do servizo, o que, na práctica, supón ter que reelaborar a información con resultados totalmente incertos xa que non existe a seguridade de que a información dispoñible contemple os datos solicitados polo interesado.

Ademais o reclamante na exposición do escrito de solicitude presuntamente entregado, indica que coñecer os datos estatísticos dos resultados do referido doutor no tratamento da fractura de cóndilo mandibular, poderíalle ser útil para as reclamacións que poida ter por diante. De ser así, non podería facilitarse a información posto que dificultaría calquera acción de defensa xudicial polo Servizo Galego de Saúde, por lo que, nese caso podería existir a causa de limitación ao acceso establecida no artigo 14.1 f) por canto podería afectar a igualdade das partes nos procesos xudiciais e a tutela efectiva.

En todo caso, o Servizo Galego de Saúde non dispón da información que solicita o interesado, polo que, para poder acceder, tería que reelaborarse a mesma, o que daría lugar á existencia dunha causa de inadmisión establecida no artigo 18. 1 letra c), polo que solicita que se rexeite a petición de acceso do interesado.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación

dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A Consellería de Sanidade non resolveu a solicitude de acceso á información expresamente polo que polo que, transcorrido o prazo dun mes dende a presentación da solicitude no rexistro electrónico da Xunta de Galicia (28 de xullo de 2018, segundo figura na copia remitida polo interesado) débese considerar a reclamación presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

A Consellería de Sanidade informa que nin o Hospital da Coruña, nin os demais hospitais do Servizo Galego de Saúde, teñen datos estatísticos dos resultados dos actos médicos en xeral nin dos resultados de cada un dos facultativos en relación a un determinado acto cirúrxico en particular, senón que unicamente teñen datos referentes aos resultados xenéricos da actividades dos servizos clínicos, que teñen publicados nas súas páxinas web, pero en ningún caso os resultados da actividade de cada un dos membros do servizo. Alega que para obter os ditos datos, sería necesario elaborar a información, con resultados totalmente incertos xa que non existe a seguridade de que a información dispoñible contemple os datos solicitados polo interesado.

O artigo 18.1c) da Lei 19/2013, establece como unha das causas de inadmisión das solicitudes de acceso á información pública, a necesidade de facer unha labor de reelaboración para a obtención da información solicitada.

O concepto de reelaboración como causa de inadmisión, pode entenderse aplicable cando a información que se solicita, pertencendo ao ámbito funcional de actuación do organismo ou entidade que recibe a solicitude, deba elaborarse expresamente para dar unha resposta, facendo uso de diversas fontes de información, ou cando o citado organismo ou entidade careza dos medios técnicos que sexan necesarios para extraer e explotar a información concreta que se solicita, resultando imposible proporcionar a información solicitada.

Neste senso, a sentenza da Audiencia Nacional do 24 de xaneiro de 2017 establece que o dereito á información non pode ser confundido co dereito á confección dun informe por un órgano público a instancia dun particular, polo que o artigo 18.1.c) establece como causa de inadmisión os supostos nos que a información que se solicita require de unha elaboración e confección. Por tanto, é indiferente que dita información obre en poder da Administración, debendo interpretarse o artigo 13 da Lei no senso de que o dereito á información pública non pode converterse no dereito a obter un informe a medida do requirido polo solicitante, procedendo no presente caso a desestimación da reclamación presentada por esta motivo.

Por outra banda, a Consellería alega que o reclamante indica o seu interese en coñecer os datos estatísticos dos resultados do citado doutor no tratamento, dado que poderíalle ser útil para futuras reclamacións. A Consellería considera que non podería facilitarse a información, posto que dificultaría calquera acción de defensa xudicial polo Servizo Galego de Saúde, considerando que podería existir a causa de limitación ao acceso establecida no artigo 14.1 f) por canto podería afectar a igualdade das partes nos procesos xudiciais e a tutela efectiva.

Fronte a esta alegación, debe sinalarse que é xeneralizada a interpretación restritiva do límite establecido no artigo 14.1 f), limitándoo á información que pode prexudicar de forma constatable á igualdade das partes nun procedemento xudicial, e de aplicación unicamente a documentos elaborados expresamente con ocasión dun procedemento, circunstancias estas que non se dan no presente caso.

Este límite, ten como finalidade a de protexer e asegurar a igualdade das partes nos procesos xudiciais e o bo funcionamento da xustiza, en relación cos procesos xudiciais dos que sexa parte. Os documentos que non son creados con vistas a procesos xudiciais como tales, non poden por tanto ser denegados ao amparo deste límite. No presente caso non consta que se estea a tramitar un procedemento xudicial, senón unicamente o interesado motiva a súa solicitude na necesidade da información porque podería serlle útil en futuras reclamacións, polo que, de ter a Consellería de Sanidade a información solicitada, o acceso non estaría limitado polo motivo establecido no artigo 14.1.f) da Lei 19/2013.

De acordo co anterior, e dado que a Consellería de Sanidade non dispón da información solicitada, concorre na solicitude a causa de inadmisión establecida no artigo 18. 1 c), polo que procede a desestimación da reclamación presentada.

A Consellería de Sanidade non resolveu a solicitude de acceso á información, polo que debe lembrárselle que, de acordo co disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, o incumprimento reiterado da obrigaón de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.


En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Desestimar a reclamación presentada por [REDACTED] con data 1 de abril de 2019, contra a denegación da información solicitada á Consellería de Sanidade, referente á obtención dos datos estatísticos dos resultados do [REDACTED], no tratamento quirúrxico da fractura de cóndilo mandibular.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2019.



Milagros Otero Parga

Presidenta da Comisión da Transparencia